

O Regulamento de réxime interior é un documento esencial para a organización da vida diaria do centro, xa que regula de forma pormenorizada o funcionamento do mesmo. A súa necesidade xustifícase por constituír un elemento facilitador tanto da organización como do funcionamento da vida escolar.

TÍTULO PRELIMINAR

artigo 1. As bases legais polas que se establece este regulamento son as que seguen:

1.1. Decreto 91/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario.

(DOG do 29 de abril de 1988)

1.2. Orde do 24 de xullo de 1991 pola que se regula a organización das actividades docentes nos centros de bacharelato, formación profesional e institutos de educación secundaria e profesional.

(DOG do 28 de agosto de 1991)

1.3. Orde do 7 de setembro de 1992 pola que se modifica parcialmente a orde do 24 de xullo de 1991 pola que se regula a organización das actividades docentes nos centros de bacharelato, formación profesional e institutos de educación secundaria e profesional.

(DOG do 1 de outubro de 1992)

1.4. Orde do 27 de xaneiro de 1994 pola que se modifica o apartado 3.7.2 da orde do 24 de xullo de 1991 (DOG do 28 de agosto) pola que se regula a organización das actividades docentes nos centros de bacharelato, formación profesional e institutos de educación secundaria e profesional e o apartado 6.6 da orde do 15 de xullo de 1991 (DOG do 26 de agosto) pola que se regula a organización e funcionamento dos centros de educación infantil, educación xeral básica, educación especial e educación permanente de adultos, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

(DOG do 21 de febreiro de 1994)

1.5. Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

(BOE do 4 de xullo de 1985)

1.6. Real decreto 732/1995, do 5 maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.

(BOE do 2 de xuño de 1995)

1.7. Orde do 26 de abril de 1990 pola que se establecen medidas de prevención do

tabaquismo e do alcoholismo nos centros docentes dependentes da Consellería de Educan e Ordenación Universitaria.

(DOG do 25 de maio de 1994)

1.8.Orde do 25 de abril de 1994 sobre a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

(DOG 12 de maio de 1994)

corrección de erros no DOG do 13 de xuño de 1994

1.9.Orde do 16 de febreiro de 1995 sobre a implantación anticipada do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

(DOG do 27 de marzo de 1995)

corrección de erros no DOG do 29 de maio de 1995)

1.10. Resolución do 21 de setembro de 1995 da Dirección Xeral de Ensinanzas Profesionais e Formación de Adultos, pola que se dictan normas para regula-lo desenvolvemento dos ciclos formativos e a experimentación de módulos profesionais no curso 1995 - 1996.

(DOG do 5 de outubro de 1995)

1.11. Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

(DOG do 1 de xuño de 1988)

artigo 2. Os obxectivos do presente documento son os seguintes:

2.1.Normativizar os acordos organizativos e de xestión tomados no PEC.

2.2.Facilitar a utilización dos recursos materiais e espaciais segundo os criterios plantexados nos proxectos curriculares.

2.3.Establecer o reparto de responsabilidades, en función da normativa vixente, entre os órganos unipersoais e colexiados.

2.4.Facilitar a participación na vida escolar dos membros da comunidade educativa.

artigo 3. O disposto neste documento será de aplicación, no ámbito de xestión do centro, a tódolos membros da comunidade educativa.

TÍTULO PRIMEIRO

DO GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DO CENTRO E DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

CAPÍTULO PRIMEIRO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

artigo 4.

- 4.1.O consello escolar é o máximo órgano de control e xestión na vida do centro.
- 4.2.O consello escolar ten as funcións establecidas na lexislación vixente.
- 4.3.O consello escolar velará polo correcto exercicio dos dereitos e deberes dos distintos membros da comunidade educativa.
- 4.4.O consello escolar será o encargado de tratar os conflitos da comunidade escolar, en concreto aqueles susceptibles de recibir as correccións que se estipulan nos art. 48.g, 48.h e 52 do RD 732/1995 do 5 de maio.
- 4.5.O consello escolar delega na dirección e na comisión de convivencia a posibilidade de imponer as correccións estipuladas no art. 48.a, 48.b, 48.c, 48.d, 48.e e 48.f do citado real decreto.
- 4.6.O consello escolar proporcionará información dos acordos tomados no mesmo, polos distintos representantes ós seus colectivos. Así mesmo o/a secretario/a fará públicos os temas tratados e os acordos tomados por este órgano.
- 4.7.O consello escolar elaborará un informe a final de curso que formará parte da memoria final de curso, sobre o funcionamento do centro, no que se avaliarán os resultados da aplicación das normas de convivencia.
- 4.8.O consello escolar reunirse como mínimo unha vez ó trimestre, sempre que o convoque o/a director/a ou o solicite 1/3 dos seus membros. Será preceptiva unha reunión ó principio de curso e unha ó final do curso.
- 4.9.As decisións do consello escolar e das súas comisións adoptaranse por maioría simple dos presentes, agás os casos contemplados na lexislación vixente. O/a presidente/a dirimirá o empate co seu voto de calidade.

artigo 5.

- 5.1.O claustro de profesores/as é o órgano de participación de tódolos/as profesores/as - do centro en cuestións educativas (didácticas e pedagóxicas).
-

- 5.2.As competencias do claustro de profesores/as son as que estipula a lexislación vixente.
- 5.3.O claustro de profesores/as elaborará os proxectos curriculares das distintas etapas.
- 5.4.O claustro reunirse unha vez ó principio de curso e outra ó final, e alomenos unha vez ó trimestre, sempre que o convoque o/a director/a ou o solicite 1/3 dos seus membros.
- 5.5.Convocarase un claustro extraordinario para coñecer as candidaturas á dirección e os programas presentados polos/as candidatos/as.
- 5.6.A asistencia ós claustros é obrigatoria.
- 5.7.Nas decisións nas que se requira unha votación tomaranse por maioría simple dos/as presentes.

artigo 6.

- 6.1.A comisión económica estará constituída polo director/a, un profesor/a, un pai/nai e o/a secretario/a e constituirase no primeiro consello escolar.
- 6.2.As funcións da comisión económica son as seguintes: decidir sobre a admisión do alumnado, aprobar o proxecto de presuposto do centro, renovar e conservar as instalacións e o equipamento e supervisar as actividades administrativas.
- 6.3.A comisión económica reunirse como mínimo unha vez ó trimestre, así como unha vez ó principio de curso e outra ó final do curso e sempre que a convoque o/a director/a ou o solicite 1/3 dos seus membros.
- 6.4.A comisión económica informará ó consello escolar sobre cantas materias de índole económica lle encomende o consello escolar.

artigo 7.

- 7.1.A comisión de convivencia estará constituída polo xefe/a de estudos, un profesor/a, un pai/nai e un alumno/a, elixidos polo sector correspondente, de entre os membros do consello escolar e presidida polo/a director/a.
- 7.2.As funcións da comisión de convivencia serán as de decidir a instrucción de expedientes por condutas gravemente perxudiciais para a vida do centro, designar o instructor e participar na elaboración do apartado de normas de convivencia do RRI.
- 7.3.A comisión de convivencia adoptará as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos dos/as alumnos/as e para impedir a realización de feitos contrarios ás

normas de convivencia do centro.

7.4.A comisión de convivencia, excepcionalmente e por razóns de urxencia poderá reunirse no período lectivo (durante os recreos) cando sexa posible a presenza de tódolos seus membros.

7.5.A comisión de convivencia reunirse unha vez ó trimestre e sempre que a convoque o/a director/a ou o solicite 1/3 dos seus membros. Ademais celebrará unha reunión a principio de curso e outra ó final. Tamén poderá ser convocada pola xefatura de estudos.

artigo 8.

8.1.As xuntas de avaliación están integradas polo conxunto de profesores/as dos respectivos grupos de alumnos/as coordinados polo/a profesor/a titor/a.

8.2.A xunta de avaliación decidirá a promoción dun/a alumno/a que teña acadado os obxectivos educativos dalgún dos cursos da ESO, aínda cando o/a dito/a alumno/a non fose avaliado/a positivamente en tódalas áreas.

CAPÍTULO SEGUNDO

DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS

artigo 9.

9.1.O/a director/a é a figura que ostenta a máxima representación do centro.

9.2.As funcións do/a director/a son as que están establecidas na lexislación vixente.

9.3.O/a director/a, por delegación do consello escolar, poderá impoñer as correccións estipuladas no art. 48.a, 48.b, 48.c, 48.d, 48.e e 48.f do RD 732/1995 do 5 de maio.

artigo 10.

10.1. O/a xefe/a de estudos será o/a encargado/a de coordinar equipos, garantir as normas de convivencia e coordinar as actividades complementarias e extraescolares.

10.2. As funcións do/a xefe/a de estudos son as que están establecidas na lexislación vixente.

10.3. O/a xefe/a de estudos elaborará os horarios, segundo as necesidades educativas do alumnado para conseguir a calidade no ensino.

artigo 11.

- 11.1. O/a secretario/a é o/a encargado/a das cuestións administrativas.
- 11.2. As funcións do/a secretario/a son as que están establecidas na lexislación vixente.

artigo 12.

- 12.1. O/a vicedirector/a substituirá ó/á director/a en caso de ausencia ou enfermidade.
- 12.2. O/a vicedirector/a coordinará as actividades complementarias e extraescolares, en colaboración co/a xefe/a de estudos, segundo as propostas dos distintos seminarios e departamentos.
- 12.3. O/a vicedirector/a tamén terá en conta as propostas do alumnado sobre as actividades extraescolares

TÍTULO SEGUNDO

DA ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E DA ESTRUCTURA PEDAGÓXICA

CAPÍTULO PRIMEIRO

OS SEMINARIOS E DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

artigo 13.

- 13.1. Os seminarios e departamentos didácticos son unidades organizativas nas que se integran os/as profesores/as dunha mesma materia ou área.
- 13.2. Os seminarios e departamentos didácticos terán as seguintes funcións:
 - 13.2.1. Programa-lo desenvolvemento das materias, sinalando os obxectivos, contidos, metodoloxía, actividades e recursos.
 - 13.2.2. Propor os criterios xerais de avaliación.

- 13.3. A elección dos horarios é convinte que se realice con criterios de equidade e de mutuo acordo.
- 13.4. Os seminarios e departamentos farán pública unha síntese do proxecto didáctico que expoña: contidos mínimos, sistemas de avaliación e recuperación a principio de curso.
- 13.5. Os seminarios e departamentos reuniranse 1 vez por semana e a asistencia será obrigatoria para tódolos seus membros.
- 13.6. O/a xefe/a de seminario ou departamento preparará os documentos e temas a debater nas reunións e redactará as actas.

CAPÍTULO SEGUNDO

DOS EQUIPOS DOCENTES

artigo 14.

- 14.1. Os equipos docentes están constituídas polos/as profesores/as que imparten docencia na mesma etapa educativa.
- 14.2. Os equipos docentes terán como funcións as seguintes:
 - 14.2.1. Analizar a situación da etapa.
 - 14.2.2. Planifica-lo traballo, tendo por obxectivo aumenta-lo rendemento.
 - 14.2.3. Diseñar conxuntamente a avaliación.
 - 14.2.4. Unificar criterios básicos en cuestións pedagóxicas, metodolóxicas e organizativas.
- 14.3. Os equipos docentes contarán cun coordinador/a que terá as seguintes funcións:
 - 14.3.1. Convocar as reunións do equipo.
 - 14.3.2. Unificar os criterios de avaliación e programación.
 - 14.3.3. Proporcionar e recibir información dos membros do equipo.
 - 14.3.4. Coordinar ó profesorado para o cumprimento dos acordos no equipo.

CAPÍTULO TERCEIRO

DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

artigo 15.

- 15.1. O departamento de orientación terá como funcións as establecidas no PEC.

CAPÍTULO CUARTO

DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

artigo 16

- 16.1. O equipo de normalización lingüística elaborará e poñerá en práctica o plan de actividades para a potenciación do uso do galego.
- 16.2. O equipo de normalización lingüística terá como funcións as que estipule a lexislación vixente.

CAPÍTULO QUINTO

DO EQUIPO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PRÁCTICAS EN ALTERNANCIA

artigo 17.

- 17.1. O equipo encargado das prácticas en alternancia terá un/a coordinador/a da mesma para a programación de ditas actividades.
- 17.2. O equipo encargado das prácticas en alternancia terá como funcións as que estableza a lexislación vixente.
- 17.3. O equipo encargado das prácticas en alternancia realizará un seguimento dos/as exalumnos/as durante os tres anos seguintes ó remate dos seus estudos.

CAPÍTULO SEXTO

DO/A PROFESOR/A - TITOR/A DOS CICLOS FORMATIVOS

artigo 18.

- 18.1. Será o/a responsable dos ciclos formativos.

- 18.2. As funcións son as establecidas na lexislación vixente.

CAPÍTULO SÉTIMO

DA COMISIÓN PEDAGÓXICA

artigo 19.

- 19.1. A comisión pedagóxica estará integrada polo/a director/a, xefe/a de estudos, xefes/as de seminarios e departamentos, profesor/a - titor/a dos ciclos formativos e o/a orientador/a.
- 19.2. As súas funcións son fundamentalmente dúas:
- 19.2.1. Establece-las directrices xerais para a elaboración e coordinación dos proxectos curriculares de etapa e, posteriormente, o seu seguimento e avaliación.
 - 19.2.2. Establece-las directrices para a elaboración das programacións didácticas dos seminarios e departamentos e os plans de orientación académica e profesional e de acción tutorial.
- 19.3. A comisión pedagóxica reunirse, ó menos, unha vez ó mes durante o horario lectivo, no día e hora que a dirección estableza e así se fará constar no horario dos seus compoñentes.
- 19.4. A comisión pedagóxica reunirse cando sexa convocada polo/a director/a ou a petición de 1/3 dos seus membros.
- 19.5. As decisións adoptaranse por maioría simple dos presentes.

TÍTULO TERCEIRO

DO PROFESORADO

CAPÍTULO PRIMEIRO

DO/A PROFESOR/A TITOR/A

artigo 20.

- 20.1. Cada grupo de alumnos/as estará a cargo dun/a profesor/a titor/a.
- 20.2. As funcións principais son:
 - 20.2.1. Coordinar todo o relativo o seu grupo.
 - 20.2.2. Notificar ós/ás alumnos/as, pais/nais, tutores/as legais dos mesmos cantas observacións fosen necesarias, levando o control das faltas de asistencia.
 - 20.2.3. Ter unha hora á semana para recibir ós/ás pais/nais, tutores/as legais dos/as alumnos/as do seu grupo, así como traballar cos seus/súas alumnos/as na hora adicada a tal efecto .
 - 20.2.4. Presidir tódalas avaliacións do seu grupo.
 - 20.2.5. Entregar os boletíns de notas no prazo máximo dunha semana. Transcorrido un mes despois da avaliación, o/a profesor/a titor/a debe ter tódolos boletíns asinados polos/as alumnos/as (no caso de maioría de idade), pais/nais ou tutores/as legais dos mesmos.
 - 20.2.6. Convocar reunións pedagóxicas periódicas, dentro do posible, entre os/as profesores/as do grupo.
 - 20.2.7. Fomentar a asamblea de clase para recoller as opinións dos/as alumnos/as.
 - 20.2.8. Informar cando se instrúa expediente a un alumno ou alumna da súa titoría.
 - 20.2.9. Participar con voz, pero sen voto, na comisión de convivencia cando se vaia a propoñer unha sanción dun alumno ou alumna da súa titoría.

- 20.2.10. Convocar, con autorización da xefatura de estudos, unha sesión extraordinaria de avaliación para tratar temas urxentes.
- 20.2.11. Convocar a pais e nais dos seus/súas alumnos/as a reunións colectivas extraordinarias e cando menos unha vez no primeiro trimestre do curso..
- 20.2.12. Nas sesións de avaliación o seu voto será de calidade cando se produza un empate nunha votación.
- 20.3. O/a profesor/a titor/a manterá un contacto estreito co departamento de orientación para resolver problemas de integración na aula e aprendizaxe.
- 20.4. A hora de tutoría dos/as alumnos/as será considerada como hora lectiva.
- 20.5. Os titores e titoras teñen o deber de asistir ás reunións convocadas pola xefatura de estudos.
- 20.6. Os titores e titoras, coordinados pola xefatura de estudos e asesorados polo departamento de orientación, realizarán o plan de acción tutorial na hora lectiva semanal dedicada ás actividades con todo o grupo.
- 20.7. Os titores e titoras serán designados polo/a director/a, a proposta da xefatura de estudos.

CAPÍTULO SEGUNDO

DOS DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

- artigo 21.** O profesorado ten tódolos dereitos e deberes establecidos na lexislación vixente, ademais daqueles que se deriven deste regulamento.
- artigo 22.** O profesorado velará pola boa convivencia e mantemento do orde no centro.
- artigo 23.** Todo profesor/a ten a obriga de mostrar ós/ás alumnos/as que así o soliciten as probas realizadas por estes unha vez corrixidas e calificadas, antes de cada avaliación.
- artigo 24.** As observacións de carácter persoal que afecten á intimidade dunha persoa non poderán realizarse publicamente.
- artigo 25.** Na ausencia dalgún/a profesor/a e con coñecemento da xefatura de estudos, poderá cambiarse as clases dentro da mesma xornada escolar.
- artigo 26.** Calquera/a profesor/a estará disposto a recibir individualmente ós/ás alumnos/as, pais/nais, titores/as legais dos mesmos que o soliciten, previo acordo na hora a través do profesor/a titor/a.
-

- artigo 27.** O profesorado fomentará a asistencia do alumnado ás actividades extraescolares.
- artigo 28.** O profesorado deberá comunicar á xefatura de estudos a ausencia dun grupo enteiro de alumnos/as á súa clase.
- artigo 29.** O profesor/a decidirá a entrada ou non dun alumno/a á súa clase, se este/a chega tarde.
- artigo 30.** O profesorado poderá celebrar reunións no recinto académico para tratar asuntos relacionados coa marcha do centro ou coa súa vida profesional, previa comunicación á xefatura de estudos.
- artigo 31.** O profesorado deberá propoñer individualmente ou colectivamente, diante da vicedirección do centro aquelas actividades extraescolares que considere adecuadas.
- artigo 32.** O profesorado aconsellará a saída de clase a aqueles/as alumnos/as que perturben o orde da mesma, indicándolles que deben acudir inmediatamente a xefatura de estudos. O/A profesor/a deberá cubrir o parte de incidencias, unha vez rematada a clase, que a tal efecto está depositado en xefatura de estudos.
- artigo 33.** O profesorado que participe en actividades extraescolares estará obrigado a gardar as normas que se dicten para as mesmas, así como as que se deriven deste regulamento.
- artigo 34.** O profesorado debe asistir ás reunións de avaliación, claustro, seminarios ou departamento e calquera outra convocada pola dirección.
- artigo 35.** O profesorado deberá controla-la asistencia dos/as alumnos/as e comunica-lo o/a seu/súa titor/a.
- artigo 36.** O profesorado non poderá fumar no centro, agás nos lugares indicados.

CAPÍTULO TERCEIRO

DO PROFESORADO DE GARDA

- artigo 37.** O profesorado de garda terá os seguintes cometidos:
- 37.1. Deberá facerse cargo dos grupos nos que falte o/a profesor/a, permanecendo na aula.
 - 37.2. Anotará no libro de gardas as ausencias dos/as profesores/as ou calquera anomalía que se produza no centro.
 - 37.3. Será o encargado de manter a normalidade no centro durante a súa hora de garda,

procurando poñerse en contacto coa xefatura de estudos no caso de que se produza algún feito que traspase as súas atribucións.

- 37.4. Recorrerá os corredores para comprobar a normalidade nas aulas, impedindo que se formen grupos de alumnos/as fóra das aulas ou da biblioteca durante o período de clases, para así evitar a perturbación das mesmas.
- 37.5. Se a falta do profesor/a se produce na derradeira clase da mañá ou da tarde, o/a profesor/a de garda poderá autorizar ós/ás alumnos/as a marcharen, previa comunicación a xefatura de estudos.

artigo 38.

- 38.1. Habrá un/a profesor/a de garda na biblioteca que deberá velar polo mantemento do silencio na mesma.
- 38.2. O profesorado de garda na biblioteca prestará ós/ás alumnos/as os libros que lle soliciten.

CAPÍTULO CUARTO

DOS PERMISOS DO PROFESORADO

artigo 39.

- 39.1. Tódolos/as profesores/as poden ausentarse do centro ata un total de 24 períodos lectivos, ó amparo do artigo 70.3 da Lei da función pública de Galicia. Considéranse períodos lectivos as horas de clase, as gardas, as gardas de biblioteca, a hora de atención ós pais/nais, a hora de atención ós/as alumnos/as e os claustros.
- 39.2. Os/as profesores/as poderán ausentarse do centro, previa solicitude ó/á director/a do centro.
- 39.3. Se a causa da ausencia é un imprevisto ou unha indisposición, comunicárase á xefatura de estudos no momento da reincorporación ó centro.
- 39.4. Non se concederán horas de permiso ó amparo do artigo 70.3 da Lei da función pública de Galicia, nos días de avaliación nin unidos a períodos vacacionais, a non ser con causa xustificada.

CAPÍTULO QUINTO

DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

artigo 40.

- 40.1. O profesorado terá dereito a asistir a tódalas actividades que contribúan á mellora da súa formación profesional.
- 40.2. O/a director/a arbitrará as medidas necesarias para que o profesorado poida asistir ás actividades de formación.

TÍTULO CUARTO

DO ALUMNADO

CAPÍTULO PRIMEIRO

DOS DEREITOS E DEBERES DOS/AS ALUMNOS/AS

artigo 41. Os/as alumnos/as terán os seguintes dereitos:

- 41.1. Terán dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- 41.2. Ningún/a alumno/a do centro será discriminado por razón de nacemento, raza, sexo, nivel social, capacidade económica, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas ou calquera outra condición persoal ou social.
- 41.3. Terán dereito a que o seu rendemento sexa avaliado con plena obxectividade. A obxectividade terá que definirse por criterios colectivos de seminario ou departamento.
- 41.4. Terán dereito a coñecer cales son os criterios xerais que se van a aplicar para a avaliación das aprendizaxes.
- 41.5. Terán dereito a revisar os seus exames unha vez corrixidos e calificados antes de cada avaliación. Cando un/a alumno/a, pai/nai, titor/a legal considere que a calificación recibida, ó final dun ciclo ou curso, non se fixo coa obxectividade requirida, poderán reclamar contra a mesma diante da dirección do centro. A reclamación deberá basearse na inadecuación da proba en relación cos obxectivos ou contidos da materia sometida a avaliación e co nivel previsto na programación

ou na incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos. O/a director/a do centro someterá a reclamación ó seminario ou departamento correspondente, quen poderá ratificase na calificación outorgada ou estimar a reclamación e rectificar a calificación. Neste caso o/a director/a do centro ordenará a devandita rectificación. No suposto de que o seminario ou departamento ratifique a calificación e se o/a alumno/a, pai/nai, titor/a legal o considera pertinente, o/a director/a remitirá o expediente á Delegación Provincial de Educación da Coruña que, logo dun informe da Inspección Educativa, fará a resolución procedente.

- 41.6. Terán dereito a recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses.
- 41.7. Terán dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- 41.8. Terán dereito a que se respecte a súa intimidade persoal, así como as súas pertenzas individuais.
- 41.9. Terán dereito a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto de tratos vexatorios ou degradantes.
- 41.10. Terán dereito a reunirse e asociarse, recibindo para isto toda clase de facilidades, tendo en conta o normal desenvolvemento das actividades do centro.
- 41.11. Terán dereito á liberdade de expresión, para o que disporán dun taboleiro de anuncios no centro, destinado a colocar carteis, avisos, notas, etc., que deberán estar asinados polos seus autores; así mesmo disporán dun buzón de suxerencias.
- 41.12. Terán dereito a mostrar a súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lles afectan. Cando a discrepancia sexa colectiva, canalizaráse a través dos seus representantes, na forma que establece a lexislación vixente.
- 41.13. Terán dereito a utilizar as instalacións do centro coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares e coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.
- 41.14. Terán dereito a participar, en calidade de voluntarios, nas actividades do centro.
- 41.15. Terán dereito a recibir información no momento de matricularse.
- 41.16. Terán dereito a seguir vinculados co centro a través de asociacións de exalumnos/as.

artigo 42. Os/as alumnos/as terán os seguintes deberes:

- 42.1. Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ó desenvolvemento dos plans de estudo, levando o material pertinente para cada materia

- e sen perturbar o desenvolvemento do grupo.
- 42.2. Cumprir e respectar os horarios das actividades do centro.
 - 42.3. Mostrar ós/ás profesores/as o debido respecto e consideración.
 - 42.4. Respectar o material e instalacións do centro. Os desperfectos causados polo uso indebido serán satisfeitos polos responsables.
 - 42.5. Nos cambios de clase, os/as alumnos/as terán a mesma corrección no seu comportamento que durante a clase, mentres esperan ó/a profesor/a ou no seu caso, ó/a profesor/a de garda.
 - 42.6. Respectar o dereito ó estudio dos seus/súas compañeiros/as.
 - 42.7. Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.
 - 42.8. Non se discriminará a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, nivel social, capacidade económica, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas ou calquera outra condición persoal ou social.
 - 42.9. Respectar o PEC.
 - 42.10. Participar na vida e funcionamento do centro.
 - 42.11. Xustificar debidamente as faltas de asistencia.

CAPÍTULO SEGUNDO

DOS/AS DELEGADOS/AS DE GRUPO E CURSO

artigo 43. No primeiro mes de cada curso os/as alumnos/as de cada grupo elixirán un/a delegado/a, mediante eleccións convocadas pola xefatura de estudos. A sesión electoral celebrarase dacordo coa normativa vixente.

artigo 44. O/a delegado/a terá as seguintes funcións:

- 44.1. Posibilitar a coordinación dos/as alumno/as do grupo.
- 44.2. Ser o enlace entre o seu grupo, o/a titor/a, o profesorado e a dirección para transmitir problemas, opinións, etc.

- 44.3. Solicitar diante da xefatura de estudos a utilización das instalacións do centro.
- 44.4. Solicitar diante da xefatura de estudos permiso para celebrar reunións nas instalacións do centro, adxuntando a correspondente orde do día da reunión, e lugar onde desexan que se celebre e comunicando os resultados habidos se afectan á vida académica do centro.
- 44.5. Acudir ás reunións de delegados/as que xefatura de estudos convoque.
- 44.6. Informar ó seu grupo tanto das cuestións propias do centro, como das que afecten a outros centros docentes e ó sistema educativo en xeral, extraídas das reunións ás que asista.
- 44.7. Asistir ás sesións de avaliación.
- 44.8. Comunicar a xefatura de estudos a inasistencia de todo o grupo a clase, por motivo xustificado.
- 44.9. Participar con voz, pero sen voto, na comisión de convivencia do consello escolar, cando se traten cuestións nas que estea implicado o seu grupo ou algún compañeiro ou compañeira do grupo.

CAPÍTULO TERCEIRO

DAS FALTAS DE ASISTENCIA

artigo 45. Todo/a alumno/a oficial ten a obriga de asistir a tódalas clases do seu grupo (art. 35.a do RD 732/1995 do 5 de maio).

artigo 46.

- 46.1. Considerarase falta de puntualidade cando un alumno ou alumna se incorpore a clase unha vez que o/a profesor/a entre na aula.
- 46.2. Os profesores e profesoras amonestarán verbalmente ós alumnos e alumnas que cheguen tarde.
- 46.3. As faltas de puntualidade xustificaránse ante o profesor ou profesora afectado/a e ante o titor ou titora no prazo de tres días.
- 46.4. Os alumnos e alumnas deberán xustificar por escrito estas faltas, asinadas polo seu pai ou nai ou polos representantes legais, se é o caso.
- 46.5. Cando as faltas de puntualidade sexan frecuentes o titor ou titora comunicará por escrito este feito á familia.

artigo 47. As faltas de asistencia xustificaránse por escrito ou pola presenza do pai/nai ou titor/a legal do/a alumno/a, inmediatamente despois de se produciren. No caso de alumnos e alumnas matriculados nos ciclos formativos a xustificación deberá facerse como no mundo laboral (certificado médico oficial, certificado de asistencia a cursillos, etc.).

artigo 48. Os alumnos e alumnas que cometan:

48.1. 2 faltas sen xustificación.

Considerarase falta leve (art. 44.2 do RD 732/1995).

Sanción: Amonestación privada ou por escrito do titor ou titora (art. 48.a do RD 732/1995).

48.2. 4 faltas sen xustificación en materias de 1 hora.
8 faltas sen xustificación en materias de 2 horas.
12 faltas sen xustificación en materias de 3 horas.
16 faltas sen xustificación en materias de 4 horas.

As faltas sen xustificación das horas por semana de cada módulo dos C.F..

Considerarase falta grave (art. 52.b do RD 732/1995).

Sanción: Pérdida do dereito á avaliación continua na materia da que se trate. Neste caso someterase ás probas que a tal efecto se establezan.

48.3. Os alumnos e alumnas que teñan 25 faltas de asistencia, cometidas no prazo dun mes, e non presenten a xustificación adecuada, perderán o dereito á avaliación continua en tódalas materias do curso que se trate.

Para os apartados 48.1., 48.2. e 48.3. non se requirirá a previa instrucción do expediente. O consello escolar resolverá, previa audiencia do/a interesado/a e/ou seu/súa pai/nai ou titor/a legal a proposta do/a xefe/a de estudos.

artigo 49. As faltas de asistencia comunicaránse do seguinte xeito:

49.1. Faltas sen xustificar: ás 2 faltas sen xustificar chamaráse ós/ás pais/nais, tutores/as legais por teléfono o por medio de carta certificada e notificación do/a titor/a.

49.2. Faltas xustificadas: remitiranse ós/ás pais/nais, tutores/as legais en cada avaliación xunto cos boletíns de notas.

CAPÍTULO CUARTO

DO CUMPRIMENTO DAS NORMAS

artigo 50. Consideraranse conductas contrarias ás normas de convivencia do centro as seguintes:

- 50.1. O deterioro non grave, causado intencionadamente nas dependencias do centro, do material deste ou dos obxectos ou pertencencias doutros membros da comunidade educativa.

Considerarase deterioro non grave, causado intencionadamente as seguintes conductas:

- Fumar fóra dos lugares permitidos.
- Falta de hixiene e limpeza persoal.
- Tirar tizas, borradores, papeis, desperdicios, latas, etc. ó chan.
- Ensuciar o chan, paredes, teitos, mesas ou sillas.
- Deteriorar levemente materiais e instrumentos didácticos ou deportivos, así como o equipamento do centro.
- Deteriorar levemente as pertencencias doutros membros da comunidade escolar.

Sanción: Repoñer en horas non lectivas o deterioro causado.

Calquera membro da comunidade educativa que observe estas conductas deberá notificalo a xefatura de estudos, que será quen imponha a sanción correspondente.

- 50.2. Calquera acto inxustificado que perturbe levemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.

Consideraranse actos inxustificados, perturbadores da vida normal do centro as seguintes:

- Proferir gritos, ruídos ou causar alboroto durante o desenrolo das actividades docentes.
- Obstaculizar os accesos ó edificio, aulas, servicios, etc.
- Non respectar os prazos de entrega de libros na biblioteca.
- Xogar ás cartas, actos violentos ou agresivos, linguaxe groseiro e xestos e posturas irrespectuosas.

Sanción: Realizar tarefas que contribúan á mellora e desenrolo das actividades do centro.

Calquera membro da comunidade educativa que observe este tipo de actos deberá notificalo a xefatura de estudos, que será quen imponha a sanción correspondente.

artigo 51. Consideraranse conductas gravemente perxudiciais para a convivencia do centro as seguintes:

- 51.1. Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa grave contra os membros da comunidade educativa, tales como:

- Falta de respecto a calquera membro da comunidade educativa.
 - As malas contestacións ó profesorado e PAS.
 - Insultos a compañeiros e compañeiras.
-

- 51.2. Agresión física contra os demais membros da comunidade educativa, así como o acoso e abuso que coarten a liberdade persoal.
- 51.3. Suplantación de personalidade nos actos da vida docente e a falsificación ou sustracción de documentos académicos.
- 51.4. Causar por uso indebido danos graves nos locais, materiais ou documentos do centro ou nos obxectos que pertencen a outros membros da comunidade educativa, tales como:
 - A rotura ou desperfecto grave nas aulas, laboratorios, biblioteca, ordenadores, libros, servicios, pasillos, sillas, mesas, luces, encerados, persianas, fachadas, farolas, árbores e coches e motos aparcados dentro do recinto escolar.
- 51.5. Actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, como:
 - Alborotos colectivos.
 - Ausencias colectivas sen previa autorización da xefatura de estudos.
 - Folgas realizadas sen comunicalas á dirección con 48 horas de antelación.
 - Roubos ou sustracción dos materiais do centro e obxectos doutros membros da comunidade educativa.

artigo 52. Para corrixir as condutas gravemente perxudiciais para a convivencia no centro, é necesaria a instrución dun expediente, que consta das seguintes fases:

- 52.1. Inicio do expediente, a proposta do/a director/a ou da comisión de convivencia, unha vez recabada a información necesaria, nun prazo de dez días como máximo, desde o momento en que se coñecen os feitos.
- 52.2. A instrución do expediente levaraa a cabo un membro do profesorado do centro, designado polo/a director/a ou pola comisión de convivencia, que poderá ser recusado polo/a alumno/a ou os seus/súas pais/nais ou tutores/as legais.
- 52.3. Comunicación da incoación do expediente ós pais, ó/á xuíz instructor e á inspección educativa, por parte do/a director/a.
- 52.4. O prazo de instrución para a presentación ó consello escolar non excederá de 7 días.
- 52.5. Excepcionalmente, o/a director/a, por decisión propia ou a proposta do/a instructor/a poderá adoptar medidas provisionais, como cambio temporal de grupo ou suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou ó centro nun período non superior a 5 días. Estas medidas poderán ser revocadas polo

consello escolar en calquera momento.

- 52.6. O consello escolar disporá dun mes para resolver o expediente.
- 52.7. As correccións impostas prescriben ó final do curso escolar.
- 52.8. Contra a resolución do consello escolar os/as pais/nais do/a alumno/a poden plantexar un recurso ordinario diante do delegado provincial no prazo dun mes.

CAPÍTULO QUINTO

DAS REUNIÓN S DO ALUMNADO

artigo 53.

- 53.1. Para a celebración de reunión s nas instalación s do centro, o alumnado deberá presentar por medio dos seus representantes no consello escolar ou dos seus delegados, unha solicitude por escrito diante da xefatura de estudos comunicando o día e hora da reunión.
- 53.2. Estas reunión s celebraranse fóra do horario lectivo.

TÍTULO QUINTO

DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS

CAPÍTULO PRIMEIRO

DOS DEREITOS E DEBERES DO PAS

artigo 54. O persoal de administración e servicios ten os seguintes dereitos:

- 54.1. Realizar o seu traballo nas mellores condicións posibles e cos medios máis adecuados.
- 54.2. Ser escoitados polo/a secretario/a cando propoñan suxerencias encamiñadas ó mellor funcionamento do centro.
- 54.3. Participar na vida do centro a través do seu/súa representante no consello escolar.

artigo 55. O persoal de administración e servicios ten os seguintes deberes:

- 55.1. Colaborar na consecución dos fins e obxectivos propostos polo centro.
- 55.2. Atender a cantas persoas requiran a súa información e axuda.
- 55.3. Os/as conserxes velarán polo bo uso e coidado das instalacións e o mobiliario e comunicarán ó/á secretario/a os desperfectos ocasionados e os seus responsables

TÍTULO SEXTO

DOS/AS PAIS/NAIS E TITORES/AS LEGAIS

CAPÍTULO PRIMEIRO

DO PROCEDEMENTO DE INFORMACIÓN

artigo 56.

- 56.1. Os/as pais/nais deben ser informados polo/a titor/a dos resultados das avaliacións realizadas, así como das faltas de asistencia dos seus/súas fillos/as.
- 56.2. Os resultados das avaliacións comunicaranse ó final de cada trimestre.
- 56.3. As faltas de asistencia comunicaranse cando se produzan.
- 56.4. Os/as pais/nais serán recibidos polo/a titor/a, previo acordo do día e hora, para falar sobre o rendemento do seu/súa fillo/a.

CAPÍTULO SEGUNDO

DAS REUNIÓNS

artigo 57.

- 57.1. Para a celebración de reunións no centro deberán solicitalo por escrito, diante da xefatura de estudos, comunicando día e hora de ditas reunións.
- 57.2. As reunións celebraranse fóra do horario lectivo.

CAPÍTULO TERCEIRO

DA XUSTIFICACIÓN DAS FALTAS DOS FILLOS/AS

artigo 58.

- 58.1. As faltas xustificaránse segundo o modelo que está na secretaría do centro.
- 58.2. No caso de que a xustificación sexa dubidosa, a criterio do/a titor/a, este/a confirmará cos pais/nais a súa validez.

CAPÍTULO CUARTO

DA PARTICIPACIÓN

artigo 59.

- 59.1. Os/as pais/nais participarán na vida do centro a través dos seus representantes no consello escolar e formando parte das asociacións existentes.
- 59.2. Os/as pais/nais asistirán ás reunións colectivas convocadas polo/a titor/a ou pola dirección

TÍTULO SÉTIMO

DAS NORMAS XERAIS

CAPÍTULO PRIMEIRO

DOS ESPACIOS PARA FUMAR

artigo 60. Está prohibido fumar en todo o centro, agás nos espazos debidamente autorizados

(cafetería, sala de usos múltiples, sala do profesorado e despachos).

CAPÍTULO SEGUNDO

DA UTILIZACIÓN DE ESPACIOS E RECURSOS

artigo 61. Calquera membro da comunidade educativa pode usar os locais e recursos do centro, en horario non lectivo, coas seguintes garantías mínimas:

- Autorización previa por parte da dirección do centro.
- Esixencia de responsabilidade por posibles abusos, roturas ou deterioro das instalacións ou medios usados.

CAPÍTULO TERCEIRO

DA CAFETERÍA

artigo 62. A cafetería do centro permanecerá aberta durante as horas de actividade docente. Tamén se abrirá fóra de horario lectivo cando se celebren claustros ou consellos escolares.

artigo 63. Non poderá venderse tabaco nin bebidas alcólicas nin calquera outro produto que atente contra a saúde.

artigo 64. Calquera modificación dos prezos dos produtos que se vendan na cafetería deberá ser aprobada polo consello escolar.

CAPÍTULO CUARTO

DA BIBLIOTECA

artigo 65. A biblioteca do centro permanecerá aberta as horas de actividade docente, cun profesor ou profesora de garda cada hora.

artigo 66. O profesor ou profesora de garda poderá prestar libros para consultar na sala ou ben para levar á casa. Neste caso o prazo de préstamo será de 15 días. Os préstamos anotaranse no libro depositado na biblioteca a tal efecto.

CAPÍTULO QUINTO

DAS COMISIÓNS

artigo 67.

- 67.1. Establécese unha comisión de actividades extraescolares e complementarias, presidida polo/a vicedirector/a do centro e constituída por profesores/as e alumnos/as que desexen participar neste tipo de actividades. O profesorado será elixido polo claustro e o alumnado pola xunta de delegados/as do centro, previa proposta dos respectivos grupos
- 67.2. A comisión de actividades extraescolares será a encargada de organizar todos aqueles proxectos propostos polo profesorado e o alumnado a través dos seus representantes na devandita comisión.
- 67.3. A comisión de extraescolares propondrá ó consello escolar a realización de viaxes ou visitas de estudio. O consello escolar será quen autorice estes viaxes, que deberán contar cun profesor ou profesora responsable dos mesmos.
- 67.4. Ós/ás pais/nais débeseles advertir coa debida antelación da viaxe, data e lugar de saída, itinerario a seguir e o profesorado responsable da mesma, podendo colaborar a través da APA ou comisión de pais e nais.
- 67.5. A comisión de extraescolares velará porque todo o alumnado que participe en viaxes teña o pertinente permiso, por escrito e segundo modelo que está na secretaría do centro, asinado polos pais e nais.
- 67.6. O non especificado neste apartado para actividades extraescolares, será a citada comisión quen dicte as normas para cada actividade en concreto.
- 67.7. Establécese unha comisión encargada de dirixir o periódico do centro que estará en contacto coa comisión de actividades extraescolares e complementarias.

CAPÍTULO SEXTO

DAS MODIFICACIÓN DO PEC E DO PCC.

artigo 68.

- 68.1. Para modificar o PEC deberán solicitalo os 2/3 do claustro ou do consello escolar.
- 68.2. Para modificar o PCC deberán solicitalo a comisión pedagóxica ou os 2/3 do claustro.

- 68.3. Os datos xerais sobre número de cursos, grupos e alumnado modificaráanse dun xeito automático.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

1. Tódolos membros do centro están obrigados a coñecer este regulamento, de tal forma que o descoñecemento de todo ou parte do mesmo non eximirá do seu cumprimento.
2. O regulamento de réxime interior darase a coñecer a tódolos membros da comunidade educativa. Os alumnos e alumnas serán informados polo/a seu/súa titor/a, a principio de curso, do contido deste documento. O profesorado e pais e nais serán informados polos seus representantes no consello escolar.
3. A dirección do centro procurará que tódolos membros teñan acceso ó regulamento de réxime interior e aclarará calquera dúbida sobre o mesmo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

1. Para a modificación do regulamento de réxime interior será necesario:
 - Que así o soliciten os 2/3 do profesorado do claustro e/ou do consello escolar.
 - Que o pidan os 2/3 do alumnado a través da totalidade dos/as seus/súas delegados/as e subdelegados/as
2. Este regulamento manterase en vigor ata que se aprobe outro que o substitúa.

ANEXO I

artigo 69. O consello escolar delega no director para aplicar o artigo 49.d do RD 732/1995 do 5 de maio, sen ter que reunilo, aínda que so informa-lo con posterioridade.

ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
Preliminares	1
Órganos colexiados	3
Órganos unipersoais	5
Departamentos didácticos	6
Equipos docentes	7
Departamento de orientación	8
Equipo de normalización lingüística.....	8
Equipo das prácticas en alternancia	8

Titor/a dos ciclos formativos	9
Comisión pedagóxica.....	9
Profesor/a titor/a	10
Dereitos e debres do profesorado.....	11
Profesorado de garda	12
Permisos do profesorado.....	13
Actividades de formación	14
Dereitos e deberes do alumnado	14
Delegados/as de grupo e curso.....	16
Faltas de asistencia.....	17
Cumprimento das normas	19
Reunións do alumnado.....	21
Dereitos e deberes do PAS.....	22
Procedemento de información dos/as pais/nais	22
Reunións dos/as pais/nais	23
Xustificacións das faltas dos fillos/as	23
Participación dos/as pais/nais	23
Espacios para fumar.....	24
Utilización dos espacios e recursos	24
A cafetería.....	24
A biblioteca.....	25
Comisións de actividades extraescolares e complementarias.....	25
Modificación do PEC e PCC	26
Disposición adicional primeira	26
Disposición adicional segunda.....	26
Anexo I.....	27